

# O PROXECTO DE CRÉDITO AGRÍCOLA E A PROPOSTA DE REDENCIÓN FORAL (1886). A RESPOSTA LIBERAL DE MONTERO RÍOS E DE DÍAZ DE RÁBAGO Á CRISE FINISECULAR <sup>1</sup>

SUSANA MARTÍNEZ RODRÍGUEZ  
Universidade Autónoma de Barcelona

Recibido: 5 de abril de 2008

Aceptado: 25 de setembro de 2008

---

**Resumo:** Este estudo presenta as interaccións habidas entre o pensamento económico e a toma de decisións políticas a través dun caso concreto. Analizamos as propostas referidas á política agraria formuladas por Eugenio Montero Ríos, ministro de Fomento no período 1885-1886, e a influencia que nelas exerceu o economista Joaquín Díaz de Rábago. Ambos os dous foron galegos destacados da segunda metade do XIX.

A investigación céntrase nas concomitancias entre as propostas legislativas e as obras publicadas, aínda que tamén pescudamos aspectos biográficos e a súa correspondencia persoal coa intención de evidenciar a amizade e a cooperación que existía entre eles.

**Palabras clave:** Crédito agrícola / Redención foral / Montero Ríos / Díaz de Rábago / España / Segunda metade do século XIX.

## PROJECTS OF THE AGRARIAN CREDIT AND THE REDEPTION OF TENANT LAND SYSTEM. THE LIBERAL ANSWER OF MONTERO RÍOS AND DÍAZ DE RÁBAGO AGAINST THE 19<sup>TH</sup> END OF CENTURY CRISIS

**Abstract:** This study remarks the interaction between economic thought and political decisions. In particular we study the case of Eugenio Montero Ríos and Joaquín Díaz de Rábago. Montero Ríos was a Spanish Minister of General Development and he promoted several proposes of agriculture policy that reflected the influence of the economist Díaz de Rábago. They both were outstanding persons from Galicia during the second half of 19th. Century.

Our paper aims to expose the coincidences among the proposal law and the economic contributions of Díaz de Rábago. Besides, we analyse some aspects of their biographies and their correspondence to prove that they had a relationship and a work-cooperation.

**Keywords:** Agrarian credit / Redemption of tenant land system / Montero Ríos / Díaz de Rábago / Spain / Second half of the 19<sup>th</sup> century.

---

## 1. INTRODUCCIÓN

Eugenio Montero Ríos foi ministro de Fomento durante o bienio 1885-1886, e nese curto período de tempo intentou impulsar un conxunto de medidas referidas á política agraria que reflectían as formulacións liberais máis avanzadas do momento. O proxecto de lei de crédito agrícola presentado no ano 1886 é considerado como a iniciativa máis sólida de todo o século XIX en España (Noguer, 1912; Martí-

---

<sup>1</sup> A autora agradece a avaliación realizada por dous expertos externos, os comentarios dos doutores Fausto Dopico e Xavier Cussó dunha versión previa e os fondos arquivísticos facilitados polo *Archivo Casa Grande de Aguiar* (A Pobra do Caramiñal, A Coruña). Este artigo realizouse dentro do marco do proxecto NISAL SEJ2007-60845, financiado polo Ministerio de Educación e Ciencia de España baixo a dirección do doutor Josep Pujol Andreu.

nez Soto, 1995, p. 319; Durand, 1891, p. 573)<sup>2</sup>. A proposición foi capaz de plasmar as formulacións que o réxime liberal cobizaba trasladar á agricultura española no último terzo do século. As innovacións técnicas, pero tamén a visión de fondo na que se exhortaba a que a modernización da agricultura era a forma de conxugar a crise da fin de século, recibiron un significativo número de comentarios por parte dos estudosos. Outra das propostas formuladas foi a redención foral que é, sen dúbida, máis coñecida pola polémica mantida co marqués de Camarasa, defensor dos dereitos señoriais.

Un interrogante máis ca pertinente sería inquirirse acerca dos asesoramentos e colaboracións que o político galego puido ter recibido á hora de elaborar as súas propostas, o que permite indagar nas relacións entre as decisións políticas e o sistema intelectual, particularmente o económico (Psalidopoulos e Mata, 2002, pp. 1-17). O asesoramento de especialistas a políticos non era ningunha novidade, pero durante a segunda metade do XIX os principais representantes do pensamento económico español tiveron unha intensa relación coa toma de decisións políticas. A nómina de economistas liberais que desempeñaron cargos públicos é extensa, sendo un dos casos máis representativo o de Figuerola, pero desde logo non o único –S. Moret, G. Rodríguez, J. Sanromá, F. Giner de los Ríos, etc.– (Román, 2003). O exemplo de Montero Ríos e as recomendacións de Díaz de Rábago inciden no aspecto sinalado cun matiz diferencial. Joaquín Díaz de Rábago –o principal economista galego da segunda metade do XIX<sup>3</sup>– tivo unha nula implicación directa en política e, se cadra, o seu aspecto máis sobranceiro foi a participación nas propostas de Montero Ríos e unha defensa a título persoal da postura foral redencionista.

<sup>2</sup> Ilustrativo resulta o seguinte listado: *Información mandada practicar por el RD de 17/04/1850, Información mandada practicar por el RD de 17/01/1881, Información abierta en el año 1884 por la Comisión de Reformas Sociales, Información mandada practicar por el RD de 07/07/1887, Información mandada practicar por el RD de 17/10/1889, Información mandada practicar por la RO de 04/07/1901* (Bru, 1904, p. 217). Ata o ano 1919 se redactaron máis de cincuenta propostas (Carasa, 2001, p. 101; Gámez, 1998, pp. 65-77).

<sup>3</sup> Economista e xurista de formación, foi un personaxe clave na intelectualidade galega de finais do século XIX. Desempeñou cargos de responsabilidade en Compostela, entre os que destaca a presidencia da *Sociedad Económica de Amigos del País de Santiago*, presidente da primeira sucursal do Banco de España en Galicia ou delegado rexio da Escola de Artes e Oficios. A súa achega científica máis destacada remite ao crédito agrícola e ao pensamento cooperativista, e terá repercusións en Europa (Martínez Rodríguez, 2006a). Outra faceta singular foi o seu interese polo valor económico da educación e pola formación das mulleres (Martínez Rodríguez, 2002).

As obras completas de Díaz de Rábago (1889-1901) foron publicadas pola *Sociedad Económica de Amigos del País de Santiago*. I a IV: *El crédito agrícola*. (*El crédito agrícola: Informe de la Sociedad Económica de Amigos del País de la ciudad de Santiago*. Redactado por Joaquín Díaz de Rábago. Santiago: Sociedad Económica de Santiago, 1883.). VIII, pp. 179-188: *Al Congreso de los Diputados. Exposición sobre los proyectos de ley de redención de censos y crédito agrícola* (“*Sobre los proyectos de ley de redención de censos y crédito agrícola. Al Congreso de los Diputados*”, *Revista de la Sociedad Económica de Amigos del País de Santiago*, 63, 1887, pp. 559-561 (asdo.: 11 de marzo de 1887)). VII, pp. 207-272: *Sobre foros. Prólogo*. (“*Prólogo*”, E. Vicenti y Reguera: *La propiedad foral en Galicia: polémica relativa al proyecto de ley de redención de censos del ex-Ministro de Fomento Montero Ríos*. A Coruña: Andrés Martínez, 1888, VII-LVII). VIII, pp. 195-201: *Al Ministro de Fomento sobre la Escuela de Artes y Oficios* (1885/1886?). No ano 1989, a imprenta J.M. Paredes de Santiago de Compostela editou unha edición facsimilar de oito tomos cunha introdución de M. Cabo Villaverde.

## 2. MONTERO RÍOS E DÍAZ DE RÁBAGO: AMIZADE E COLABORACIÓNS

Montero Ríos e Díaz de Rábago coincidiron nas aulas da Universidade Literaria de Santiago a mediados dos anos cincuenta, cando cursaron os estudos de Dereito. Mesmo hai concomitancias nas súas traxectorias: ambos os dous foron alumnos do economista Sanromá<sup>4</sup>, e realizaron ensaios para ser lidos na cátedra de Economía Política, práctica que o mestre catalán só reservaba para os seus estudantes máis destacados. No ano 1860 Montero Ríos e Díaz de Rábago fundaron un centro lúdico recreativo denominado *Casino* (Pose Antelo, 1992, p. 245), o que denota o entendemento e a afinidade que existía entre eles.

Ignoramos se o contacto se interrompeu cando Montero Ríos marchou a Madrid para iniciar o doutoramento e comezar unha carreira profesional e política abondo complexa, pois estivo exiliado e perseguido. Díaz de Rábago, pola contra, estableceuse na cidade catedralicia e, aínda que mantiña unha conduta discreta polo que respecta ás exaltacións políticas, si participaba nas entidades propias dun home culto e caritativo: era membro da *Sociedade Económica* e insigne socio das *Conferencias de San Vicente de Paul*. O exercicio profesional da avogacía, pola súa parte, foi puntual, pois axiña casaría e a xestión dos bens de ambos os dous e unha ampla descendencia ocuparían todo o tempo que o estudo lle deixaba dispoñible.

Segundo puidemos comprobar a través da correspondencia persoal de Joaquín Díaz de Rábago, a relación con Montero Ríos reiniciase no ano 1883<sup>5</sup>. O asunto que lle levou a pedir auxilio ao seu antigo amigo de facultade e de andanzas remite ao sistema político de favores do momento. A solicitude de Rábago xiraba arredor da concesión dun peirao para a localidade da Pobra do Caramiñal (A Coruña), a súa segunda residencia. Na súa resposta<sup>6</sup> Montero Ríos explicáballe que, en efecto, podían solicitar unha “mellora” pero non un porto, pois a lei era rotunda nese aspecto e só financiaba os de primeira e os de refuxio, polo que o seu consello era que requirisen unha rampla próxima a el, ofrecéndose, ademais, para avivar os trámites e as dilixencias que fosen precisas<sup>7</sup>.

Esta non foi a única vez que Díaz de Rábago actuou en representación da vila da Pobra. Consultamos outro borrador –incompleto e sen data– dunha carta dirixida ao ministro de Facenda do executivo<sup>8</sup> na que se denunciaba a suba dos impostos

<sup>4</sup> Sanromá foi catedrático na Universidade Literaria de Santiago das materias Dereito Político, Dereito Administrativo e Economía Política entre os anos 1854 e 1858 (Sanromá, 1894, p. 307).

<sup>5</sup> Fondos epistolares do *Archivo Casa Grande de Aguiar* (A Pobra do Caramiñal, A Coruña). Cartas enviadas a Eugenio Montero Ríos nas seguintes datas: 23/11/1883, 11/12/1883, 30/11/1884 e 12/10/1887. Cartas enviadas por Eugenio Montero Ríos nas seguintes datas: 02/11/1883, 05/03/1885, 22/03/1885, 26/04/1885, 12/05/1886 e 17/10/1893.

<sup>6</sup> Cursada o 11 de decembro de 1883. Borrador dunha carta dirixida a Montero Ríos o 11/12/1883. *Archivo Casa Grande de Aguiar* (A Pobra do Caramiñal, A Coruña).

<sup>7</sup> Carta enviada a Eugenio Montero Ríos o 23/11/1883. Carta recibida de Eugenio Montero Ríos o 02/12/1883. Borrador dunha carta dirixida a Montero Ríos o 11/12/1883. *Archivo Casa Grande de Aguiar* (A Pobra do Caramiñal, A Coruña).

<sup>8</sup> A falta de datas impide saber de quen se trataba.

que debía asumir o distrito, a todas luces esaxerada ante a escasa industria da zona. O ton da petición, moito máis elevado ca o da misiva anteriormente comentada, non deixa lugar a dúbidas de que se trataba dunha reivindicación formal ante a autoridade. Por tratarse dun texto incompleto ignoramos se estaría ou non asinado por Rábago, pero a hipótese máis factible sería que a representación municipal lle encargase ao economista a elaboración da instancia para que, á súa vez, solicitase o consello de Montero Ríos.

Estas dúas testemuñas, que reflicten o *modus operandi* do amiguismo político da época, só son un dos aspectos manifestos na correspondencia conservada, pois se trata dunha relación con moitos máis matices ca o simple clientelismo de sufraxio, como veremos deseguido.

No ano 1885 Montero Ríos entrou a formar parte do executivo de Sagasta. Iniciou así unha etapa de reformismo e intentou poñer en marcha –en menos de ano e medio, xa que foi cesado no mes de outubro do ano 1886– un elevado número de propostas moi plurais, paradoxalmente nun ministerio considerado como de tránsito para os políticos con aspiracións.

En Compostela o “monterismo” era moi claro, pois o prócer favoreceu a cidade en numerosas ocasións. Coa intención de destacar a amizade entre Montero Ríos e Díaz de Rábago, sinalaremos aspectos que delatan eses favores. A primeira actuación da que temos constancia foi na elección dun director para a sucursal do Banco de España.

A pretensión de dotar a cidade cun banco foi, logo da liquidación do Banco de Santiago no ano 1870<sup>9</sup>, unha das aspiracións dos prohombres santiagueses. A *Económica* dirixíralle numerosas instancias –sen éxito– ao gobernador do Banco de España recomendando a localización dunha filial na urbe. Finalmente, cando Montero ocupou o sitial de Fomento os trámites axilizáronse. E despois de obter o compromiso da creación da sucursal, só se precisaba buscar o director adecuado.

A título individual varios personaxes realizarían xestións para acadar algunha prebenda. Díaz de Rábago foi un deles, xa que cando lle enviou ao señor ministro un exemplar da súa última obra –*La industria de la pesca en Galicia. Estudio sociológico* (1885)– se interesou pola vacante da dirección. Coa confianza dun amigo, Montero Ríos confesoulle que a cuestión estaba moi avanzada<sup>10</sup> e que uns días antes recibira correo doutro compostelán encomendándose para o posto: Pedro Pais Lapidó. Á vista das circunstancias, animaba a Rábago a que lle enviase ao gobernador do Banco de España un currículo e os exemplares máis destacados da súa

---

<sup>9</sup> O Banco de Santiago (1863) foi un banco de emisión por accións que naceu baixo a Lei de bancos, de 28 de xaneiro de 1856. A traxectoria foi curta e o seu papel timbrado gozou dun escaso nivel de circulación. Os dous elementos que sentenciaron o seu final foron os problemas co xerente da entidade –Andrés de Lera– no ano 1866 e a desaparición do principal accionista –a *Sociedad del Crédito Vasco*– no mes de xaneiro do ano 1869 (Pose Antelo, 1987, pp. 409-427).

<sup>10</sup> Carta recibida de Eugenio Montero Ríos o 26/04/1885. Carta recibida de Eugenio Montero Ríos o 12/05/1886. *Archivo Casa Grande de Aguiar* (A Pobra do Caramiñal, A Coruña).

producción económica para que así influíran ao seu favor<sup>11</sup> na lista de posibles administradores e conselleiros, na que o seu nome xa figuraba. Descoñecemos se pesaron máis os méritos ou as recomendacións, pero o certo é que Rábago estivo á fronte da entidade desde a súa inauguración e ata que finou no ano 1898.

Outro xesto de evidente preferencia cara a Compostela foi a creación da *Escuela de Artes y Oficios*. Montero Ríos sentou os alicerces da moderna organización do ensino profesional en España (Martínez, 2004b). Aínda que a súa materialización tivo lugar logo da sinatura do RD de 5 de novembro de 1886, cando o ministro de Fomento era C. Navarro, sen dúbida foi un proxecto xerado polo galego. A organización aprobaba que o centro de ensino de Madrid pasara a ser a central e que se crearan sete escolas técnicas oficiais nas cidades de Alcoi, Almería, Béjar, Xixón, Logroño, Vilanova i la Geltrú e Santiago de Compostela<sup>12</sup>.

Algún factor tivo que inclinar a balanza a prol de Santiago, pois no ano 1885 había escolas de oficios nas cidades de Ferrol e da Coruña; no seguinte ano abrirían as portas os centros de Vigo e de Pontevedra (Sousa e Pereira, 1989, p. 17). Certo que Compostela era a urbe representativa de Galicia, cun pasado artesanal que cumpría destacar, e sede dunha universidade cunha gran tradición, pero tamén cómpre atender os factores personalistas. Desde a *Económica* Díaz de Rábago envioulle varios escritos ao ministro de Fomento para que Santiago conseguise a escola oficial e o seu padroado para a entidade<sup>13</sup>. Por outro lado, uns días antes de que o dito real decreto fose oficial a *Sociedade Económica de Santiago* celebrou un pleno extraordinario baixo a presidencia, tamén irregular, do socio de mérito Montero Ríos e no que aprobou o *Informe sobre el plan de enseñanza que debe establecerse en la Escuela de Artes y Oficios de la Sociedad Económica de Amigos del País de Santiago*<sup>14</sup>. O prócer galego xa non era ministro de Fomento senón presidente do Consello de Instrución Pública, pero a súa presenza na reunión debe de interpretarse coma unha mostra de apoio á cidade. Cando o centro comezou a súa singradura, Rábago foi nomeado “*director con carácter de delegado regio de la Escuela de Artes y Oficios de Santiago con la gratificación de doscientas cincuenta pesetas anuales*”<sup>15</sup>.

<sup>11</sup> No arquivo do Banco de España hai un *curriculum vitae* manuscrito polo propio Díaz de Rábago, do que se conserva copia no *Archivo Casa Grande de Aguiar* (A Pobra do Caramiñal, A Coruña).

<sup>12</sup> As escolas técnicas recibiron unha ampla atención desde varios campos relacionados coa historia da educación e coa historia das ciencias e das técnicas. O artigo de Cano Pavón (2003, pp. 367-398) presenta unha revisión completa da materia.

<sup>13</sup> Como faremos a continuación, para referírmonos á obra de Díaz de Rábago farémolo a través das súas *Obras completas* e de maneira abreviada indicando tomo e páxina. Aquí facemos referencia a un título: *Al Ministro de Fomento sobre la Escuela de Artes y Oficios*, que se atopa no tomo oitavo, páxinas 195 a 201 (t. VIII, pp. 195-201).

<sup>14</sup> “Informe sobre el plan que debe establecerse en la Escuela de Artes y Oficios en la Sociedad Económica de Amigos del País de Santiago”, *Revista de la Sociedad Económica de Amigos del País de Santiago*, 55 a 58, 1886, pp. 503-507.

<sup>15</sup> Así consta no documento acreditativo conservado no *Archivo Casa Grande de Aguiar* (A Pobra de Caramiñal, A Coruña).

### 3. A PROPOSTA DE MONTERO RÍOS E O PAPEL DE RÁBAGO NA REDENCIÓN FORAL

No mes de xullo do ano 1886 Montero presentou nas Cortes os *Proyectos de ley de expropiación forzosa, redención de censos y foros y crédito agrícola*. A proposta e a publicación do conxunto de exposicións estivo acompañada por unha ampla polémica na que destaca a disputa mantida co marqués de Camarasa (1886), defensor dos dereitos señoriais, a teor da redención de censos e foros. Ningunha das propostas do político venceu a forte oposición dos conservadores, pero o seu estudo revela as inquedanzas dun home comprometido coa modernización do país.

O apoio de Rábago á redención foi coherente coa postura pola que xa se decantara en *El crédito agrícola* (1883), pero houbo un evidente apoio á figura de Eugenio Montero Ríos. Daquela Rábago estaba á fronte da *Económica de Santiago* e redactou varias instancias dirixidas ao Congreso nas que, no nome da *Sociedade*, solicitaba a reconsideración da negativa ao proxecto de redención<sup>16</sup>. De feito, a través do borrador dunha das cartas de Rábago dirixidas a Montero Ríos –datada o 12 de outubro de 1887– temos constancia de que lle comentaba certas medidas dirixidas a lograr un maior apoio á postura redencionista e poder reactivar así o proxecto que fora varrido polo Partido Conservador. Rábago contáballe tamén as novidades producidas no seo da *Sociedade*. Pola súa elocuencia, dedúcese que na institución había un núcleo fortemente disidente da postura redencionista, pero que ao final se alcanzara o consenso arredor desa postura, chegando a escribirse unha instancia consensuada ao Congreso na que se solicitaba que se volveran considerar as proposicións do ministro de Fomento<sup>17</sup>.

Polo contexto da misiva dedúcese que Montero lle suxerira con anterioridade a Rábago que a través da *Económica* organizase un chamamento a todos os concellos de Galicia para que se adscribisen á redención. Díaz de Rábago avisaba dos riscos da medida, pois o seu éxito non parecía nada seguro e mesmo podía acontecer que, de levarse a cabo, o resultado fora contrario ao esperado. O que lle aconsellaba era unir influencias para conseguir que as deputacións galegas emitisen unha opinión favorable, exhibindo así unha imaxe de unanimidade<sup>18</sup>.

Outra mostra de apoio deuse coa publicación da segunda edición da obra de Vicenti (1888)<sup>19</sup>: *La propiedad foral en Galicia: polémica relativa al proyecto de*

<sup>16</sup> *Al Congreso de los Diputados. Exposición sobre los proyectos de ley de redención de censos y crédito agrícola* (t. VIII, pp. 179-188). Tamén publicado en: “Sobre los proyectos de ley de redención de censos y crédito agrícola. Al Congreso de los Diputados”, *Revista de la Sociedad Económica de Amigos del País de Santiago*, 63, 1887, pp. 559-561 (asdo.: 11 de marzo de 1887).

<sup>17</sup> Rábago, en calidade de presidente da *Económica*, foi o responsable de redactar unha instancia con data 11/03/1887 (t. VIII, pp. 179-188).

<sup>18</sup> Documentación conservada no *Archivo Casa Grande de Aguiar* (A Pobra do Caramiñal, A Coruña).

<sup>19</sup> No ano 1886 Vicenti publicou *La ley de redención de censos del Sr. Montero Ríos y la propiedad foral en Galicia: contestación al Sr. Marqués de Camarasa*. Dous anos despois viu a luz a segunda edición aumentada, corrixida e prologada por Díaz de Rábago.

*ley de redención de censos del ex ministro de Fomento Montero Ríos*, onde Rábago prologaba o libro a título persoal. Nesa presentación, aínda cando deixara ben claro cal era a súa postura, Rábago non tivo reparos en sinalar que a proposta de Montero Ríos era continuista, pois non incorporaba grandes novidades con respecto ás propostas anteriores (t. VII, p. 247). É máis, hai dous elementos cos que o prologuista mostraba a súa desconformidade. O primeiro aspecto co que discrepaba era a non inclusión do laudemio<sup>20</sup> no montante da renda por capitalizar (t. VII, p. 251) (Montero Ríos, 1886, p. 97). A razón pola que este aspecto non fora considerado era pola orixe feudal que moitos autores, entre eles Montero Ríos<sup>21</sup>, lle atribuían (t. VII, p. 252) (Lezón y Fernández, 1922, p. 17)<sup>22</sup>. Pola contra, Rábago era favorable a incorporalo na renda foral, pensando que deste xeito se limarían asperezas cos defensores dos dereitos señoriais.

Dalgún modo, a segunda obxección tamén ía destinada a evitar enfrontamentos, pois resultaba que os tipos de redención fixados resultaban baixos (t. VII, p. 262). O propio Montero xa tomara certas precaucións coa lei do ano 1873, e contemplaba a redención por forais enteiros xunto coa indemnización nunha única paga (Villares, 1982, p. 313). Pero os tipos continuaban sendo algo baixos: dun 5% para os foros, dun 5,5% para os subforos en primeiro grao e dun 6% para as restantes rendas e pensións (Montero Ríos, 1886, p. 95), todo isto capitalizado segundo os prezos medios do decenio anterior á data de redención. Montero Ríos xustificaba a sobriedade dos tipos da súa proposta apelando á caída experimentada polas rendas por mor da crise finisecular. Recólleo así Rábago: “*los tipos de redención que señala el Proyecto no son desconsiderados, y holgaríanse los propietarios con que pudiesen realizar actualmente sus rentas a esos valores, superiores a los corrientes en el mercado*” (t. VII, p. 264).

Pero tamén era certo que a lei debería ser válida durante un prolongado lapso temporal e, atendendo a esta precisión, Rábago consideraba conveniente incrementar os tipos en medio punto para que os señores non experimentasen perdas cando as rendas se recuperasen (t. VII, p. 265).

Malia o movemento de apoio xerado en Galicia, o Congreso non reconsiderou a súa negativa, e o proxecto volveu ser presentado en varias ocasións pero sen éxito. Xa no século XX, foi proposto por Vicenti acompañado dunha exposición de motivos moi semellante á anterior, dado que se seguía a considerar o sistema foral coma un atranco para o avance da agricultura, agora acrecentado pola inestabilidade social.

<sup>20</sup> Cada transmisión do foro, cando estaba estipulada, reportábase ao señor do directo a percepción do laudemio (Rodríguez Galdo, 1976, pp. 194-195).

<sup>21</sup> “*No cree el Ministro que deba estimarse el derecho para tomarlo en cuenta en el precio de la redención*” (Montero Ríos, 1886, p. 97).

<sup>22</sup> A publicación de Lezón y Fernández (1922, p. 17) é un dos numerosos exemplos que insisten no acertado da postura de Montero Ríos e de Vicenti sobre o rexeitamento do laudemio “*que es una prestación feudal (...) que sólo por eso debiera estar condenado*”.

#### 4. A PROPOSTA DE MONTERO RÍOS E O FONDO DAS IDEAS DE DÍAZ DE RÁBAGO NO PROXECTO DE CRÉDITO AGRÍCOLA

Nos estudos contemporáneos consultados que indagan arredor da proposta do crédito agrícola de Montero Ríos non existe ningunha alusión a Díaz de Rábago (Martínez Soto, 1995, pp. 319-324; Noguer, 1912, pp. 113 e ss.; Bru, 1904, pp. 236-244). Malia todo, no ano 1887 Pando y Valle (1887, pp. 86-87) sinalaba a influencia que o político recibira de Rábago<sup>23</sup>. E o propio Montero no seu discurso de ingreso na *Real Academia de Ciencias Políticas y Morales*, titulado *El crédito agrícola* (1887), cualificou a achega de Díaz de Rábago como o ensaio máis destacado da petición pública de información sobre o crédito agrícola do ano 1881 (*Información mandada practicar polo RD de 17/01/1881*) (Montero Ríos, 1887, p. 10), pero non foi máis alá no seu afoego e non fixo referencia ningunha ás fontes que inspiraran o seu proxecto.

A proposta de Montero Ríos espertou comentarios nalgúns autores estranxeiros. Durand –principal divulgador das cooperativas *Raiffeisen* en Francia e presidente da *Union des Caisses Rurales et Ouvrières* (1893)–, na súa obra *Le credit agricole en France et a l'étranger* (1891), dedicoulle un capítulo ao crédito agrícola en España. Durand cualificaba a proposta de Montero Ríos como o proxecto español máis completo realizado ata ese momento<sup>24</sup>. Segundo Durand (1891, p. 576), a tentativa lexislativa monterista presentaba profundas innovacións, pero as modificacións que suporía na orde lexislativa vixente facían naufragar as súas posibilidades de éxito. Durand, que era coñecedor da obra *El crédito agrícola* (1883) de Díaz de Rábago, tampouco non fixo ningún comentario sobre a influencia que puidera ter na proposta de lei de Montero Ríos.

Baixo a nosa perspectiva, as influencias resultan evidentes e o feito de que no arquivo persoal de Díaz de Rábago se conserve un manuscrito final da comentada proposta con correccións do propio Rábago acredita a nosa hipótese cunha validez difícil de refutar. Malia todo, resulta conveniente facer explícito que o propio *modus operandi* da redacción das propostas lexislativas adoita contar sempre con asesores e expertos que quedan nun modesto segundo plano, especialmente cando non prosperan.

##### 4.1. CONDICIONANTES IDEOLÓXICOS DA PROPOSTA

Un aspecto destacado desta proposta de lei era a premisa de que a reforma era unha medida precisa para facerlle fronte á crise da fin de século. No preámbulo si-

<sup>23</sup> “Cuando la Sociedad Económica de Santiago publicó en 1883 el erudito y notable informe que redactó el Sr. Joaquín Díaz de Rábago, tuvimos el placer de saborear y aplaudir obra tan interesante, que bien puede decirse ha venido a ser la verdadera clave para la reforma propuesta que pudo tener a la vista el Sr. Montero Ríos puesto que su proyecto parece por completo inspirado en el notabilísimo dictamen” (Pando y Valle, 1887, pp. 86-87).

<sup>24</sup> Resulta significativo o título que a autora lle puxo á sección: “Proyectos y sólo proyectos de creación de bancos agrícolas de ámbito nacional” (Gámez, 1998, pp. 65-77).

nalábase con rotundidade que a iniciativa era unha fórmula para atallar “*la amenazadora competencia*” (Montero Ríos, 1886, p. 146) sufrida pola agricultura europea e que se mesmo as economías desenvolvidas estaban sendo vítimas das invasións dos produtos ultramarinos, era urxente tomar medidas: “*¿Qué suerte deparará la Divina Providencia a la (agricultura) española, que tan atrás se va quedando? Urge mejorar o variar los procedimientos y los métodos, transformar los cultivos que no sean remuneradores, utilizar más y emplear en mayor extensión sustancias fertilizantes, suplir las deficiencias de la agricultura propiamente dicha con el desenvolvimiento de las otras industrias rurales*” (Montero Ríos, 1886, p. 146).

Mirar cara a Europa propiciara a mediados dos anos oitenta que un grupo de intelectuais españois intuían que a crise finisecular era unha manifestación da progresiva mundialización e, polo tanto, as consecuencias tamén afectarían ás economías periféricas, coma a española. A percepción da crise agraria como parte dun fenómeno de maior calado foi certa e temperán en Rábago (t. I, p. 79), asiduo lector das principais publicacións económicas<sup>25</sup>. Isto levouno a recoller na súa obra descrições sobre as abundantes iniciativas levadas a cabo no estranxeiro para conxurar a carencia de capital honrado co que enxugar o atraso no medio rural. Na súa principal obra –*El crédito agrícola*– dedícalle máis dun terzo dos capítulos ao estudo das diferentes institucións de crédito que existían en Europa, coas súas particularidades, aplicacións e inconvenientes.

A proposta legislativa de Montero recolleu de forma sucinta as propostas máis sobresaíntes estudadas por Rábago<sup>26</sup>. Así aconteceu coas experiencias dos bancos de anticipos alemáns, que realizaban depósitos no longo prazo destinados á agricultura a través de obrigas con xuros e “*amortizables por sorteo en un período de 10 a 20 años*” (Montero Ríos, 1886, p. 123). Outro exemplo estaba en Escocia, lugar onde había unha antiga tradición entre os agricultores no emprego das “*cash credit account*”, que viñan sendo contas correntes abertas polos bancos escoceses ao descuberto e das que facían uso os agricultores. Unha terceira experiencia era a do banco da localidade italiana de Treviso, que puxera en marcha a orixinal idea de emitir bonos agrarios “*de vencimiento fijo, nominativos y fructíferos, con idénticas y no otras miras que favorecer el desarrollo de la agricultura*” (Montero Ríos,

---

<sup>25</sup> En particular, aparecen nas súas obras referencias da *Revue des Deux Mondes*, do *Journal d'Agriculture Pratique* ou do *Journal des Economistes*, aínda que nas revistas nacionais, v.gr. *La Gaceta Agrícola*, do Ministerio de Fomento, tamén abundaban alusións aos autores foráneos. Outra fonte de información foron as actas e as noticias dos *congresos de agricultura*, que comezaban a ter lugar daquela (t. I, pp. 79-80) e que eran recollidas na dita *Gaceta* (Garrabou, 1985, p. 508).

<sup>26</sup> Desde logo só son un exemplo, xa que Rábago tamén estudou a compañía francesa de crédito agrícola (cap. 26), os bancos de Jersey ou os rurais de Portugal (cap. 28), as iniciativas xurdidas en Bélxica a través das caixas de aforros e as modificacións habidas no seu marco legal (cap. 29), ademais de darlle un tratamento, aínda que máis breve, á cooperación de crédito en Rusia ou en Suíza (cap. 32).

1886, p. 123). Todas estas actividades xa foran estudadas polo miúdo por Díaz de Rábago<sup>27</sup>.

Esas actuacións posuían un denominador común, pois non tiñan un funcionamento excepcional dentro da orde mercantil atendendo ao carácter agrícola, senón todo o contrario. Nos exemplos recollidos primaba a lóxica mercantil. Tratábase de iniciativas de crédito agrícola, posto que ese era o destino do diñeiro solicitado, pero eran adaptacións de modelos de éxito en operacións ordinarias. As únicas salvidades atendían ás especificidades dos clientes, como sucedía coa necesidade de dilatar os períodos de reintegro, pois os agricultores non contaban con ingresos periódicos fixos.

Da proposta de Montero Ríos emana un espírito liberal que se evidenciaba no concepto de propiedade privada plena da terra, unha suposición que non era certa en todo o territorio español. En primeiro lugar, pola persistencia das formas de posesión da terra características do Antigo Réxime, entre as que a máis evidente –e próxima para o político– era o foro galego. En segundo lugar, o crédito agrícola tiña como destinatarios potenciais aos pequenos e medianos agricultores posuidores de terra, unha imaxe infrecuente na España latifundista, na que a carencia de capital por parte do cultivador se atopaba supeditada ao seu nulo papel decisorio sobre as tarefas de produción da terra, propiedade dos terratenentes. Estas hipóteses do que debería ser a agricultura moderna, onde o agricultor era xestor e propietario dos bens inmobiliarios e mobiliarios empregados no proceso de produción, tamén era defendida por Díaz de Rábago –quen lle dedicou todo un capítulo á equiparación do agricultor co comerciante (t. I, pp. 205-233)–, aínda que era unha idea explícita en todo o seu discurso e que, á súa vez, identificaba a un amplo colectivo de intelectuais do momento.

Unha das causas do fracaso das reformas promovidas na España liberal foi, precisamente, o profundo descoñecemento da realidade rural, na que non existían as figuras tan manidas na literatura económica de empresario agricultor e emprendedor. A ignorancia –e ás veces o desprezo– por parte dos contemporáneos do funcionamento dos mecanismos tradicionais de crédito (o recurso do gando, a compra de inputs ao fiado, ou mesmo a adquisición de terreos durante varias xeracións) tamén propiciaban que a súa visión do crédito existente no agro fose aciago (Carmona e Simpson, 2003, p. 74)<sup>28</sup>, aínda que é certo que a usura era unha praga.

---

<sup>27</sup> Particularmente, o caso alemán foi o que máis lle interesou e ao que lle dedicou os capítulos 30 e 31 (t. III, pp. 211-338). A problemática da banca agrícola italiana, e non só o caso particular de Treviso, foi estudada a través da obra do italiano Vigano (t. III, pp. 169-191). E o caso escocés mereceu a súa atención en varias ocasións (cap. 27) pola peculiaridade das contas abertas aos agricultores, que recibían un trato semellante ao dos demais clientes (t. III, pp. 72-109).

<sup>28</sup> Sirva como simple apuntamento que Rábago lle dedicou varios capítulos do seu estudo á análise da función da parceria de gando no mercado tradicional de crédito e ás súas posibilidades de modernizar esa práctica proponendo a súa normalización.

#### 4.2. INNOVACIÓNS TÉCNICAS DA PROPOSTA DE CRÉDITO AGRÍCOLA: AS PEGADAS DE DÍAZ DE RÁBAGO

A notoriedade do proxecto de Montero Ríos radicaba nas novidades técnicas<sup>29</sup>. Algúns dos artigos modificaban en grao sumo o contido do recentemente aprobado Códice de comercio (1885) e mais da Lei hipotecaria (1861)<sup>30</sup>.

O Códice mercantil contiña unha sección dedicada ás institucións bancarias de crédito territorial e agrícola<sup>31</sup> co obxectivo de encher o baleiro legal existente (Montero Ríos, 1886, p. 120), pero os termos nos que estaban redactadas as cláusulas deu lugar a que ao seu abeiro xurdiran simples negocios que como moito se caracterizarían por actuar de compañías de seguros de colleitas, froitos ou apeiros de labranza, pasando estas garantías ás mans dos acredores, co que se interrompía o traballo do agricultor (Martínez Soto, 1995, p. 318).

Montero Ríos sinalou dous aspectos que obstaculizaban o Códice mercantil para o crédito agrícola: en primeiro lugar, que prohibía que estas institucións aceptasen depósitos e, en segundo lugar, que carecían de capacidade para emitir obrigas, limitacións xa especificadas por Rábago (t. III, pp. 137-138): “*Se impone, pues, como exigencia de la institución, que se le otorgue la facultad de emitir, con único y preciso y determinado fin agrícola, obligaciones a término y con intereses*” (Montero Ríos, 1886, p. 123).

Outra das novidades foron as modificacións que provocaría na Lei hipotecaria<sup>32</sup>. Referíase así á eliminación da hipoteca dos bens inmoables por acesión ou destino, agás pacto contrario, e a inclusión da figura do peñor agrícola (Noguer, 1912, p. 113). Durand incidíu nestes aspectos aos que cualificou de grande adianto en materia crediticia agrícola; ademais, consideraba que trasladar o debate a Francia sería conveniente, posto que a súa lexislación presentaba atrancos semellantes aos que existían en España.

A redefinición dos bens móbiles e inmoables tal e como estaba recollido na Lei hipotecaria foi un aspecto que estudou Díaz de Rábago, quen lle criticaba á lexislación española prescribir un concepto en demasía extenso de ben hipotecado, pois albergaba todo un conxunto de obxectos independentes do inmoable na súa hipote-

<sup>29</sup> O proxecto consta de 47 artigos, acompañados dun amplo preámbulo. O articulado divídese en seis títulos: título 1º.- *De los institutos de crédito agrícola y sus operaciones*; título 2º.- *De las garantías*; título 3º.- *Del registro del crédito agrícola*; título 4º.- *De los privilegios sobre el mobiliario agrícola y del orden de su prelación*; título 5º.- *De la ejecución de las obligaciones agrícolas*; título 6º.- *De la protección especial de los institutos de crédito agrícola*.

<sup>30</sup> De feito, a disposición final do proxecto era, segundo o artigo 47, a seguinte: “*Quedan derogadas todas las leyes, reales decretos, reglamentos y órdenes que se opongan a lo establecido en la presente ley*” (Montero Ríos, 1886, p. 162).

<sup>31</sup> No *Diario de las Sesiones de Cortes: Código de Comercio. Apéndice 36 al nº 3 del 28 de diciembre de 1885. Título I, libro II, sección duodécima.- De las reglas especiales de los bancos y sociedades agrícolas* (artigos 212 a 217).

<sup>32</sup> Que era a lei do ano 1861, e que no ano 1869 sufriría unha reforma considerable. Esas modificacións carecían de efecto cando Noguer escribiu o seu libro no ano 1912, dado que daquela rexía a Lei hipotecaria do ano 1909.

ca; bens que, noutro suposto, o pequeno propietario podería deixar en garantía para outro tipo de operacións.

De maneira ampla e detallada, o artigo 10 do proxecto sinalaba que a hipoteca non comprendía, agás pacto expreso, as melloras consistentes en obras efectuadas sobre o dito obxecto nin as indemnizacións derivadas de asegurar os elementos sinalados no caso de sinistro. Na mesma liña, o artigo 13 facultaba as posibilidades de dar en garantía un conxunto de elementos con anterioridade excluídos da hipoteca por consideralos adheridos ao propio predio, e que constituían a riqueza común do labrador: maquinaria, gando, froitos pendentes de recolección e “*en general todos los (elementos) que las leyes consideren inmuebles por la accesión o por el destino, siempre que fuese posible su separación sin deterioro del predio*” (Montero Ríos, 1886, p. 153). En particular, Rábago dedicáralle a esta cuestión todo un capítulo –o sete– titulado de maneira esclarecedora “Muebles declarados inmuebles por la ley. Extensión de la ley hipotecaria” (t. I, pp. 163-174). Cómpre sinalar que as restritivas condicións do crédito hipotecario, que eran un atranco á fluidez do capital cara á agricultura, eran un tema recorrente; de feito, antes da Lei hipotecaria do ano 1861 xa eran usuais os comentarios desta índole en economistas da talla de De Bona (1857a, 1857b).

Moi relacionado co anterior era a consideración do peñor. A diferenza do peñor convencional, que pasaba ás mans do acredor, o peñor agrícola quedaba en poder do debedor. Díaz de Rábago presentábo no ano 1883 coma unha proposta orixinal de Francia –onde daquela tampouco pasara de desiderata<sup>33</sup>– para a difusión do crédito agrícola, pois permitía que o debedor puidese constituír en peñor un ben e seguir lucrándose del na actividade agrícola. De feito, os elementos xa sinalados do artigo 13 con esta cláusula non incorrerían na adscrición de ben hipotecario senón que terían a consideración de independentes e poderían ser obxecto de peñor agrícola, isto é, de garantía ou de aval no crédito mobiliario, e así permanecer en mans do debedor para non atrancar a súa actividade.

Díaz de Rábago xa detallara a figura do peñor agrícola ao longo de numerosas páxinas da súa obra *El crédito agrícola*<sup>34</sup>, insistindo nas limitacións contidas na Lei hipotecaria (1861) á hora de aplicar a definición de bens mobles e inmobles, e a necesidade de crear establecementos especiais de depósito para os obxectos constituídos en peñor.

O terceiro aspecto que cómpre destacar na proposta de Montero é a relación completa e xerarquizada de prelación do crédito que determinaba a orde de cobramento dos acredores (Noguer, 1912, p. 114). O título terceiro do proxecto –“*Del registro del crédito agrícola*”– estaba dedicado ao rexistro das actuacións de crédito nos xulgados municipais (Bru, 1904, p. 240). A inscrición era potestativa, pero

<sup>33</sup> En Francia, chega ao Congreso dos Deputados no ano 1881 unha proposta de reforma que afectaba ao dereito peñorista, propoñendo unha nova figura: “*la prenda a domicilio*” (t. I, p. 190).

<sup>34</sup> Dedicouille o capítulo 8: “*Prenda a domicilio*” (t. I, pp. 175-204).

as obrigas rexistradas terían preferencia sobre as non inscritas á hora de facelas efectivas.

Díaz de Rábago estudara con atención este aspecto, xa que era particularmente contrario a outorgarlle un privilexio desmesurado ao señor do directo para que resarcira as rendas pasadas e futuras derivadas da anulación do contrato, como acontecía en Francia. Esta cláusula desincentivaba o crédito agrícola porque prexudicaba a posición doutros acredores, e tanto Montero Ríos como Rábago recomendaban limitar o privilexio do dono do directo ás dúas últimas anualidades máis a corrente.

No listado dos privilexios dos acredores figuraba en primeiro lugar o Estado, coa satisfacción de todos os impostos pendentes, mentres que o señor directo estaba no cuarto posto. A lista de Montero Ríos estaba confeccionada seguindo as directrices e comentarios que Rábago recompilara da lexislación europea daquel momento (t. I, p. 205 e p. 233) nun intento de establecer un conxunto de privilexios que permitisen o desenvolvemento do crédito agrícola e, na medida do posible, que respectasen os dereitos de ambas as dúas partes.

Para os efectos comparativos, o francés Durand, aínda que non compartía a xerarquía no cobramento proposto polos españois, consideraba un punto favorable limitar os dereitos do dono do directo. Por outra banda, Noguier (1912, p. 116) cualificaba de escasa a indemnización do propietario asignada por Montero Ríos, e sinalaba que, se cadra, sería máis conveniente o cobramento das últimas catro cotas, como sucedía en Bélxica e en Italia. Cómpre matizar que, aínda que a proposta de Montero Ríos e de Díaz de Rábago era tachada de restritiva, nos anos 1880 a lexislación portuguesa determinaba que o acredor do directo só tería dereito a unha renda atrasada máis a corrente (t. I, p. 217).

Peñor agrícola, xerarquizacións no cobramento de acredores e acoutamentos da definición do ben hipotecado eran os tres elementos que singularizaba Noguier do proxecto de crédito agrícola do ministro de Fomento Montero Ríos. As nosas intervencións estiveron encamiñadas a mostrar unha evidente influencia de Rábago, testemuñada coa propia obra. Os tecnicismos sinalados foron asimilados pola nova Lei hipotecaria do ano 1909, eliminándose tamén da hipoteca os inmobles por accesión ou destino, agás pacto expreso (Noguier, 1912, p. 113). Isto é un aspecto que delata a importancia e a conveniencia do seu estudo.

## **5. CONCLUSIÓNS**

O brazo político de Eugenio Montero Ríos deixouse sentir en toda Galicia durante a Restauración e particularmente en Santiago, cidade a onde o prócer destinou unha serie de proveitos, que terían a súa contraprestación no apoio recibido ás súas propostas. Un dos colaboradores do político foi Joaquín Díaz de Rábago, quen, á súa vez, se viu favorecido con destacados cargos públicos. Pero a función de Rábago máis relevante, aínda que paradoxalmente agachada, foi a de asesor nas propos-

tas do político. En concreto, neste artigo analizamos dúas proposicións de política agraria (Martínez Rodríguez, 2006b, 2006c).

Examinamos cunha maior énfase as influencias que o proxecto de Montero Ríos sobre o crédito agrícola recibiu de Rábago por varios motivos. En primeiro lugar, porque, aínda que a proposta non chegou a ser aprobada, é un magnífico compendio das ideas que un político e un economista, ambos os dous liberais, tiñan sobre a modernización da agricultura, baseada nunha concepción capitalista e mercantilizadora. En segundo lugar, a especialización de Díaz de Rábago na materia permitiu que o proxecto incorporase as innovacións técnicas da época, superando o marco español, como demostra a inclusión da figura de peñor agrícola, a creación de rexistros específicos, a limitación dos dereitos dos acredores posuidores do dominio directo e as matizacións á definición de ben hipotecario. En conxunto, as ideas de Montero Ríos e de Díaz de Rábago ían dirixidas a propiciar o desenvolvemento do crédito agrícola mobiliario, opción que finalmente foi desbotada en España, onde terminaría impoñéndose o crédito agrario axustado ás garantías inmobiliarias, con todas as limitacións que había arredor da posesión plena da terra.

A perpetuación das formas de posesión de terra ancoradas no Antigo Réxime, das que o caso galego era abondo representativo, era o estigma máis evidente do lastre que impedía avanzar cara a unha concepción da agricultura moderna, tal e como a entendían os nosos protagonistas. Aínda que só fora por este motivo, a defensa da redención foral debía formar parte das ideas de Montero Ríos e de Díaz de Rábago, como de feito aconteceu.

O apoio de Díaz de Rábago á proposta de redención foral de Montero Ríos amosa outros rexistros máis próximos á influencia directa a través da *Sociedade Económica de Santiago*, ou mesmo co prólogo á segunda edición do libro de E. Vicente sobre os foros.

Ambas as dúas proposicións atoparon unha infranqueable oposición no Congreso por parte do Partido Conservador, e o feito de que as dúas cuestións continuasen sen solución ata ben entrado o século XX testemuñan o reformismo do político e do seu asesor.

As súas propostas supuxeron un intento valente para que o país avanzase. O tenaz reformismo de Montero Ríos propiciou que Sagasta prescindise del na súa primeira remodelación do Goberno no mes de outubro do ano 1886. Coa súa caída, a figura de Rábago viuse privada dunha proxección no conxunto de España da que, sen dúbida, gozaría se as ideas de Montero progresasen. Certamente, a traxectoria do político continuou medrando nos anos posteriores e, aínda que a relación entre eles foi renovada en sucesivas ocasións, seguiron sendas paralelas. Montero Ríos chegaría a ter unha grande influencia na escena política española, mentres que Díaz de Rábago se convertería nun estudioso do cooperativismo, sendo respectado no seo da prestixiosa *Alliance Cooperative International* pero, pola contra, sendo pouco coñecido en España.

**BIBLIOGRAFÍA**

- BONA, F. DE (1857a): “Del crédito territorial y agrícola”, *La Tribuna Economista*, 2, pp. 186-203.
- BONA, F. DE (1857b): “Del crédito territorial y agrícola”, *La Tribuna Economista*, 3, pp. 304-324.
- CANO PAVÓN, J.M. (2003): “La enseñanza técnica en España y en Europa occidental y el problema de la formación del capital humano industrial. Veinticinco años de estudios”, *LLULL. Revista de la Sociedad Española de Historia de las Ciencias y de las Técnicas*, 26 (56), pp. 367-398.
- CARASA, P. (1991): “El crédito agrario en España durante la Restauración. Entre la usura y el control social”, en B. Yun [coord.]: *Estudios sobre capitalismo agrario, crédito e industria en Castilla (s. XIX y XX)*, pp. 289-343. Salamanca: Junta de Castilla y León, Consejería de Cultura y Bienestar Social.
- CARASA, P. (2001): “Proyectos y fracasos del crédito agrícola institucional en la España contemporánea”, *AREAS. Revista de Ciencias Sociales*, 21, pp. 95-121.
- CARMONA, J.; SIMPSON, J. (2003): *El laberinto de la agricultura española: institutos, contratos y organización entre 1850 y 1936*. Zaragoza: Prensas Universitarias de Zaragoza.
- Código de comercio (1885): “Apéndice 36 al nº 3 de 28 de diciembre de 1885. Código de comercio”, *Diario de Sesiones de las Cortes*.
- DIRECCIÓN GENERAL DE AGRICULTURA, INDUSTRIA Y COMERCIO (1881): *Información sobre el crédito agrícola abierta por la Dirección General de Agricultura, Industria y Comercio*. Madrid.
- DURAND, L. (1891): *Le crédit agricole en France et a l'étranger*. París: Librairie Marescq Arné Chevalier-Marescq et cie.
- GÁMEZ AMIÁN, A. (1998): *El crédito institucional a la agricultura en Andalucía (1768-1936)*. Málaga: Universidad de Málaga, Servicio de Publicaciones / Thema.
- GARRABOU, R. (1985): “La crisis agraria española de finales del siglo XIX: una etapa del desarrollo del capitalismo”, en R. Garrabou e J. Sanz Fernández [ed.]: *Historia agraria de la España contemporánea. Expansión y crisis (1850-1900)*, II, pp. 478-542. Barcelona: Crítica.
- “Informe sobre el plan que debe establecerse en la Escuela de Artes y Oficios en la Sociedad Económica de Amigos del País de Santiago”, *Revista de la Sociedad Económica de Amigos del País de Santiago*, núm. 55-58, 1886, pp. 503-507
- LEZÓN Y FERNÁNDEZ, M. (1922): *El problema social agrario en Galicia y la redención de foros*. Madrid: Real Academia de Jurisprudencia y Legislación / Editorial Reus.
- MARQUÉS DE CAMARASA (1886): *Los foros. Proyecto de ley llamada de redención de censos presentada a las Cortes por el Sr. ministro de Fomento Montero Ríos*. Madrid: M. Ginés Hernández.
- MARTÍNEZ RODRÍGUEZ, S. (2000): “Alfabetización, formación técnica e crecimiento económico. Reflexión sobre la variable capital humano en obra de Joaquín Díaz de Rábago (1837-1898)”, *Sarmiento. Anuario Galego de Historia da Educación*, 6, pp. 113-133.
- MARTÍNEZ RODRÍGUEZ, S. (2002): “Estudiar para trabajar: la participación de las mujeres en los proyectos económicos de Sanromá y Díaz de Rábago”, *Arenal. Revista de Historia de las mujeres*, 9 (2), pp. 353-374.

- MARTÍNEZ RODRÍGUEZ, S. (2004a): “A aportación dos xuristas galegos ó movemento cooperativo en España e en Europa (s.XIX): Joaquín Díaz de Rábago e Eugenio Montero Ríos”, *Dereito. Revista xurídica da Universidade de Santiago de Compostela*, vol. 13, núm. 2, pp. 27-41.
- MARTÍNEZ RODRÍGUEZ, S. (2004b): “Desarrollo económico y capital humano. Discusiones y aportaciones sobre la formación técnica de los trabajadores entre economistas y políticos en el último tercio del siglo XIX”. *Actas del VIII Congreso de la Sociedad Española de Historia de las Ciencias y de las Técnicas*, vol. II, pp. 983-995. Universidad de La Rioja, Servicio de Publicaciones.
- MARTÍNEZ RODRÍGUEZ, S. (2006a): *El liberalismo económico, católico y social de Joaquín Díaz de Rábago (1837-1898)*. A Coruña: Fundación Pedro Barrié de la Maza.
- MARTÍNEZ RODRÍGUEZ, S. (2006b): “Joaquín Díaz de Rábago: un cooperativista español en la Europa de finales del XIX”, *Revista Historia Contemporánea*, vol. 31. Universidad del País Vasco.
- MARTÍNEZ RODRÍGUEZ, S. (2006c): “Pensamiento económico y plasmaciones políticas: el proyecto de ley de crédito agrícola de Montero Ríos y Díaz de Rábago (1886)”, *Revista de Historia Agraria*, vol. 39, pp. 345-361. Murcia.
- MARTÍNEZ RODRÍGUEZ, S.; FERNÁNDEZ MÉNDEZ, A. (2001): “La instrucción en la industrialización. Las raíces del atraso”, en A. Morales [coord.]: *El Estado y los ciudadanos*, pp. 235-247. Madrid: España Nuevo Milenio.
- MARTÍNEZ SOTO, A.P. (1995): *Crédito y ahorro popular. El crédito agrícola institucional en la región de Murcia (1850-1936)*. (Tese de doutoramento publicada en microficha). Universidad de Murcia, Servicio de Publicaciones.
- MONTERO RÍOS, E. (1886): *Proyectos de ley de expropiación forzosa, redención de censos y foros y crédito agrícola, presentado á las cortes por el Ministro de Fomento* \_\_, Madrid: M. Minuesa de los Ríos.
- MONTERO RÍOS, E. (1887): *El crédito agrícola. Discursos leídos ante la Real Academia de Ciencias Morales y Políticas en la Recepción Pública del Excmo. Sr. \_\_*, Madrid: M. Ginés Hernández.
- NOGUER, N. (1912): *Las cajas rurales en España y en el extranjero. Teoría, historia, guía práctica, legislación, estatutos, formularios*. Madrid: Administración de Razón y Fe.
- PANDO Y VALLE, J. (1887): *Un programa de reformas. Apuntes sobre la crisis y medios de combatirla*. Madrid: Moreno y Rojas.
- POSE ANTELO, J.M. (1987): “La banca compostelana en la segunda mitad del siglo XIX”, *Jubilatio. Homenaje de la Facultad de Geografía e Historia a los Profesores D. Manuel Lucas Álvarez y D. Ángel Rodríguez González*, I, pp. 409-427. Santiago de Compostela: Universidade de Santiago de Compostela, Servizo de Publicacións e Intercambio Científico.
- POSE ANTELO, J.M. (1992): *La economía y sociedad compostelanas a finales del siglo XIX*. Santiago de Compostela: Universidade de Santiago de Compostela, Servizo de Publicacións e Intercambio Científico.
- PSALIDOPOULOS, M.; MATA, M.E. (2002): “Economic Thought and Policy in Nineteenth-Century Less Developed Europe: Issues and Aspects of Their Interaction”, *Economic Thought and Policy in Nineteenth-Century Less Developed Europe. The Nineteenth Century*. London: Routledge.

- RODRÍGUEZ GALDO, M.X. (1976): *Señores y campesinos en Galicia. Siglos XIV-XVI*. Santiago de Compostela: Pico Sacro.
- SANROMÁ Y CREUS, J. (1894): *Mis memorias, 1852-68*, II. Madrid: M. Ginés Hernández.
- SOUSA, J.; PEREIRA, F. (1998): *Historia de la Escuela de Artes y Oficios de Santiago de Compostela*. A Coruña: Deputación Provincial da Coruña.
- VICENTI Y REGUERA, E. (1888): *La propiedad foral en Galicia: polémica relativa al proyecto de ley de redención de censos del ex-ministro de Fomento Montero Ríos*. A Coruña: Andrés Martínez.
- VILLARES, R. (1982): *La propiedad de la tierra en Galicia, 1500-1936*. Madrid: Siglo XXI.